

Praia de A Rapadoira

PUNTO DE INFORMACIÓN:

A Oficina de Información Turística do Concello de Foz está na dirección. Avda. da Ribeira s/n edificio CENIMA situado fronte á Casa do Mar O teléfono e 982 132 426.

Ademáis, o Concello dispón de información adicional acerca da **Ruta de sendeirismo "Das Praias"** a través de senderosazules.org.



POLÍCIA LOCAL:

A Praia de A rapadoira contará con presenza policial segundo protocolo definido polos mandos da Policía Local, en horario de 12 a 20 horas dende o 01 de xullo ao 31 de agosto. Noutras tempadas (festas ou eventos especiais), manteranse os servizos mínimos.

PAPELEIRAS, CONTEDORES E RECOLLIDA SELECTIVA:

Existe un servizo diario de limpeza na praia de A Rapadoira, mediante o cal se limpa a superficie das praias e as súas infraestruturas e accesos. Ademais, hai localizadas papeleiras e contedores para a recollida selectiva dispostos nos accesos principais, que se baleiran diariamente.

ANÁLISIS DA CALIDADE DA AUGA:

Na praia de A rapadoira existe un servizo de análises da auga realizadas a través da Xunta de Galicia, realizado cada 15 días, mediante o cal se pretende levar a cabo un seguimento das augas de baño desta praia, conseguindo así unha garantía de calidade. Os resultados destas análises actualizados pódense consultar nos paneis informativos situados nos principais accesos das praias dende o 01 xullo ao 31 de agosto.

SISTEMA DE QUEIXAS E SUXERENCIAS:

Existen follas de reclamacións e suxestións á disposición dos usuarios da Praia de A Rapadoira nos puntos de información e nos módulos de salvamento das praias. Tamén na páxina web do Concello de Foz e no Punto de Información Turística hai un buzón de suxestións para calquera idea que se queira aportar. Ademais, dentro do sistema de calidade pertencente a estas praias, existen rexistros para as incidencias e non conformidades detectadas diariamente nas praias.

COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLO CONCELLO DE FOZ

O concello de Foz adquiriu compromisos tanto de calidade como de xestión ambiental que se reflexan nas políticas de xestión de praias e ambientais aprobadas pola xunta de goberno local e que están expostas ao público.

ACCESIBILIDAD

A Praia da Rapadoira dispón das medidas de accesibilidade necesarias para o disfrute da praia por persoas con mobilidade reducida: ausencia de barreiras no medio urbán colindante, bordillos rebaixados, prazas de aparcamento (4), aseos (2) e duchas (2) adaptadas, disposición de dúas rampas de acceso á praia, unha delas de acceso directo á area e existencia dunha cadeira anfibia para facilitar a circulación pola area e o baño no mar. Ademais, a praia conta tamén con persoal de socorrismo debidamente formado para a asistencia destas persoas.

Praia de A Rapadoira

INDICADORES SIGNIFICATIVOS:

1. Número de avisos, primeiros auxilios, traslados a centros sanitarios e rescates realizados. **Valor acadado no 2015: 7 (3 rescates leves e 4 traslados ó Hospital da Costa).**
2. Número de queixas sobre os servizos de mantemento e limpeza de instalacións e equipamentos. **Valor acadado no 2015: 0 (indicador <5)**
3. Número de queixas sobre os servizos de vixiancia. **Valor acadado en el 2015: 0**
4. Número de queixas sobre a información dispoñible (punto de información, paneis...). **Valor acadado no 2015: 0**
5. Datos obtidos na realización da enquisa ós usuarios. **Valor acadado no 2015: 3.02 (en un rango de 1-5)**
6. Número de enquisas realizadas. **Valor alcanzado en el 2015: 30**
7. Tempo de reparación de equipamentos. **Valor acadado no 2015: menor de 24 horas**
8. Accións realizadas para a mellora das infraestructuras da praia. **Valor acadado no 2015: 2 (Renovación torre vixiancia e aireado e renovación por traspaso de area)**
9. **Nº documentos para a difusión do sistema de calidade implantado na praia colocados na páxina web.** Valor acadado no 2015: 5 (publicáronse na páxina web a política de calidade e medio ambiente, a Carta de Servizos da praia, a Declaración ambiental, Recomendacións e Axenda de festas). **Frecuencia da difusión das cañas radiofónicas.** Valor acadado no 2015: frecuencia diaria dende 01 de julio ata 15 de setembro.
10. Recollida selectiva de residuos na praia. **Valor acadado no 2015: 9 tipos de residuos (cartón, vidro, plásticos, orgánico, pilas, cd's, bombillas, toner e aceite usado)**
11. Volumen auga consumida. **Valor acadado no 2015:** O valor foi de 4.763 m³. O aumento do consumo de auga respecto o año anterior localízase no mes de agosto (incremento de un 16% do consumo) coincidindo có incremento de ocupación do 2015.
12. **OBXETIVOS LOGRADOS NO 2015:**
 - Manter a sensibilización dos usuarios da praia respecto o medio natural, a seguridade e os hábitos saudables (a través do programa "Aberto x vacacións", desenrolado perante xullo e agosto para os usuarios da praia).
 - Redución do consumo de combustible na praia nun 5%.
13. **OBXETIVOS PARA O ANO 2016:**
 - Manter a sensibilización dos usuarios da praia respecto ó medio natural, a seguridade e os hábitos saudables.
 - Adhesión á iniciativa "Praia sen fume" no marco do programa de Promoción da vida sen tabaco da Dirección Xeral de Saúde Pública de Galicia, có obxectivo de promover hábitos saudables e integrala na Rede Galega de praias libres de tabaco.